

PLAN DE CAPTACIÓN DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

(aprobado pola Xunta de Facultade o 23/10/2023)

1. Actividades de Captación – Graos

1.1.- Titulacións afectadas

As actividades programadas estarán dirixidas á captación de alumnos para as titulacións de grao que se imparten na Facultade de Filoloxía:

- Grao en Filoloxía Clásica
- Grao en Lingua e Literatura Españolas
- Grao en Lingua e Literatura Galegas
- Grao en Lingua e Literatura Inglesas
- Grao en Linguas e Literaturas Modernas

1.2.- Destinatarios

Os destinatarios das actividades realizadas: o estudiantado de Educación Secundaria e Bacharelato.

1.3.- Actividades

a. Difusión de información (vídeos páxina web).

b. Participación nas actividades dos programas de relacionamento co ensino secundario, na campaña de promoción das titulacións de grao nos institutos e centros educativos (visitas a centros de ensino secundario de Galicia, charlas temáticas e encontros na Zona USC).

c. Organización de Xornadas “Ciencia colaborativa para novos/as investigadores/as” actividade que ten como obxectivos potenciar o interese e a participación colaborativa do estudiantado de ensino secundario polas Humanidades e promocionar e divulgar as titulacións que se imparten na Facultade.

d) Fomentar a participación da Facultade noutras feiras e xornadas de orientación universitaria.

1.4.- Recursos necesarios

Recursos humanos:

RCC, Coordinador/a de Calidade, Responsable do Programa Ponte, Alumno/a Titor/a, Coordinadoras/es dos títulos de grao e o persoal da Facultade que vai participar nas diferentes actividades propostas.

Recursos materiais:

As instalacións (Salón de Actos, de Graos, salas de traballo dos grupos de investigación e aulas de docencia), presentacións, documentación e vídeos informativos correspondentes ás diferentes titulacións que se imparten no Centro (para sesións informativas e páxina web)

1.5.- Indicadores de seguimento

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Plan de Captación do Estudantado referido ás titulacións de grao serán o número de alumnos/as dos centros de Educación Secundaria e Bacharelato participantes nas diferentes actividades, o nivel de satisfacción coas actividades (valorado nas enquisas e/ou nos encontros), así como o número de actividades desenvoltas ou nas que a Facultade de Filoloxía participe ao longo do curso.

2. Actividades de captación – Mestrados

- Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura
- Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
- Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos
- Máster Universitario en Lingüística Aplicada
- Máster Universitario en Ensinanza do Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua

2.1.- Destinatarios

Estudantado de últimos cursos dos centros universitarios do SUG e titulados en xeral con titulacións de acceso aos mestrados que se imparten na Facultade.

Estudantado matriculado na USC e na Facultade de Filoloxía nos programas de mobilidade.

2.2.- Planificación de actividades

a) Promoción dos mestrados na Facultade de Filoloxía.

Actividades de promoción dos diferentes mestrados entre o estudiantado dos últimos cursos correspondentes aos graos que se imparten no centro con información sobre os seus contidos e as súas saídas profesionais e visibilización de TFM's de anos anteriores.

b) Presentación dos mestrados nas campañas de promoción de mestrados levadas a cabo pola USC.

2.3.- Recursos necesarios

Recursos humanos:

Responsables: RCC e os/as coordinadores/as dos mestrados.

Recursos materiais:

As instalacións (Salón de Actos, de Graos, salas de traballo dos grupos de investigación e aulas de docencia), presentacións e documentación (para sesións informativas e páxina web)

2.4.- Indicadores de seguimento

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Plan de Captación de Estudiantado referido as titulacións de mestrado serán o número de estudantes participantes nas diferentes actividades e o nivel de satisfacción coas actividades (valorado nas enquisas e/ou nos encontros), así como o número de actividades nas que a Facultade de Filoloxía participe ao longo do curso.